



**DEPUTACIÓN PROVINCIAL
DA CORUÑA**

SERVIZO DE DESENVOLVEMENTO TERRITORIAL E MEDIO AMBIENTE
SECCIÓN DE DESENVOLVEMENTO TERRITORIAL, COOPERACIÓN E MEDIO AMBIENTE

RESOLUCIÓN POLA QUE SE MODIFICA O IMPORTE DA CONVOCATORIA DO PROGRAMA DP0036, DE AXUDAS A ENTIDADES PRIVADAS SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA O COFINANCIAMENTO DE PROXECTOS DE **INVESTIMENTOS** NO ÁMBITO DO MEDIO AMBIENTE NO 2020 (Expte. 2019000032083)

Don VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

Vistos os informes do Servizo de Desenvolvemento Territorial e Medio Ambiente e do Servizo de Fiscalización e Control Financeiro, sobre o incremento da dotación do Programa DP0036, de axudas a entidades privadas sen ánimo de lucro para o cofinanciamento de proxectos de **investimentos** no ámbito do medio ambiente no 2020, cuxas bases foron aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno do 10.02.2020 (BOP 29, de 12.02.2020), coa finalidade de dispor de fondos suficientes para atender ás solicitudes presentadas,

RESOLVO:

Incrementar en 3.537,07 € a dotación inicial prevista para o Programa DP0036, de axudas a entidades privadas sen ánimo de lucro para o cofinanciamento de proxectos de **investimentos** no ámbito do medio ambiente no 2020, e aprobar o documento contable "A" correspondente, por importe de 53.537,07 €, que poderá financiarse con cargo ás seguintes aplicacións do orzamento xeral para o 2020:

PARTIDA	IMPORTE	DOC	Nº OPERACIÓN
0520/17221/781	50.000,00 €	RC	220200000537
0520/17221/781	<u>3.537,07 €</u>	Dispoñible na partida	
TOTAL	53.537,07 €		